

GUÍA DOCENTE DE **OUTROS INSTRUMENTOS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: OUTROS INSTRUMENTOS										
ESPECIALIDADE	Interpretación					ITINERARIO			Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
CARÁCTER	Obrigatoria					TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					3				Observacións:	
									IMTP	
									1h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Achegamento aos instrumentos da música tradicional, incluída a voz, e que non son tratados noutras materias do itinerario de instrumentos da música tradicional e popular de Galicia. Consecución dunha visión global a nivel práctico dos instrumentos máis salientables do universo da música tradicional galega. Práctica da lectura a primeira vista, transposición e improvisación.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X4, X6
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI 4, EI 5, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Dominar a voz como instrumento principal da transmisión oral en Galicia.	Todas
Perfeccionar a práctica simultánea de voz e percusión	Todas
Coñecer os elementos básicos do canto popular galego. Coplas e estruturas de cancións	Todas
Coñecer e interpretar os distintos ritmos tradicionais galegos e aplicalos a percusión tradicional.	Todas
Achegarse aos instrumentos que tradicionalmente acompañan o canto en Galicia	Todas

4. CONTIDOS
Melodías tradicionais. Fontes bibliográficas e arquivos sonoros. Elementos básicos que caracterizan o canto popular galego.
Práctica dos ritmos máis representativos sobre pandeireta e pequena percusión. Instrumentos que tradicionalmente acompañan a voz.
Elaboración de repertorio cantado. Práctica de voz e percusión. Memorización de melodías e letras intercambiables.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: <ul style="list-style-type: none">- Presentación traballos- Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*